



ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Servizo de Desenvolvemento Territorial e Medio Ambiente

Aprobación das bases específicas do "I Premio de traballos de investigación escolar Lazos coruñeses con América Latina" da Deputación Provincial da Coruña, ano 2021

AMPARO TABOADA GIL, secretaria xeral da Deputación Provincial da Coruña.

CERTIFICA: Que na sesión ordinaria da Xunta de Goberno celebrada o día 5 de novembro de 2021, aprobouse o seguinte:

22. Aprobación das bases específicas do "I Premio de traballos de investigación escolar Lazos coruñeses con América Latina" da Deputación Provincial da Coruña, ano 2021.

"Vistos os informes do Servizo de Desenvolvemento Territorial e Medio Ambiente, da Secretaría Xeral e do Servizo de Fiscalización e Control Financeiro, sobre a proposta de aprobación das Bases específicas do Premio de traballos de investigación escolar "LAZOS CORUÑESES CON AMÉRICA LATINA" da Deputación Provincial da Coruña no 2021, a Xunta de Goberno acorda o seguinte:

1.º.-Aprobar as bases específicas do Premio de traballos de investigación escolar "LAZOS CORUÑESES CON AMÉRICA LATINA" da Deputación Provincial da Coruña no 2021, cuxo texto se transcribe:

I Premio de traballos de investigación escolar "LAZOS CORUÑESES CON AMÉRICA LATINA"

da Deputación Provincial da Coruña

ANO 2021

BASES REGULADORAS

1.-OBXECTO.

O Premio de traballos de investigación escolar "Lazos coruñeses con América Latina" ten por obxectivo fomentar o coñecemento da historia da migración galega e a creación das comunidades galegas nos países de América Latina, dada a especial relevancia que este feito migratorio tivo e ten na provincia de A Coruña. Tamén ten como finalidade o fomento, a través da implicación da mocidade, da recuperación dos lazos de unión, afectividade, coñecemento e colaboración coas comunidades galegas nos países de América Latina.

O premio establécese para centros escolares con sede na provincia da Coruña.

Os centros educativos participantes deberán de desenvolver os seus traballos de investigación en torno á incidencia, repercusión ou efectos que historicamente tivo a emigración no entorno xeográfico do centro educativo ou zonas de residencia das persoas que integren os equipos de investigación participantes, cara os países de América Latina.

Os equipos de investigación deberán estar integrados por alomenos 5 alumnos/as do centro educativo, e ser dirixidos por un/unha profesor/as do propio centro, sendo este o responsable do proxecto.

Os proxectos presentados deben ser orixinais, non podendo participar aqueles proxectos xa premiados en calquera convocatoria de similar natureza.

Os traballos deben de contemplar o estudo de procesos migratorios colectivos/comunitarios, dando relevancia ao impacto na colectividade por encima ou máis aló das experiencias individuais.

Os traballos deberán encamiñarse cara ao coñecemento de cómo se estableceron as comunidades galegas nos países de destino da migración e o impacto que tivo tanto nos países de destino, como nas vilas da provincia da Coruña.

Valoraranse especialmente aqueles traballos que favorezan as posibilidades de que as comunidades poidan restablecer ou retomar o contacto entre os descendentes das comunidades en América Latina e os seus descendentes na provincia da Coruña.

2.-PREMIO.

Concederanse 5 premios en metálico para compra de material escolar, xunto coa entrega dunha distinción simbólica, e un recoñecemento público.

Os premios que se concedan en metálico estarán suxeitos as retencións legais que sexan de aplicación.

A dotación dos premios será a seguinte:

1.º clasificado: 3.000,00 €

2.º clasificado: 2.000,00 €

3.º clasificado: 1.500,00 €

Accésit 1: 1.000,00 €

Accésit 2: 1.000,00 €

O premio poderá quedar deserto, no entanto, o xurado poderá facer unha mención honorífica a algún dos proxectos presentados pola súa calidade técnica ou pola calidade da investigación.

A Deputación resérvase o dereito de modificar as condicións do premio en calquera momento, incluso pode chegar a anulalo ou deixalo sen efecto sempre que conorra causa xustificada, en todo caso comprométese a comunicalo pola mesma vía.

3.-FINANCIAMENTO.

O Premio financiarase con cargo ao orzamento xeral da Deputación para o exercicio 2021 na aplicación orzamentaria 0520/23132/481.

A contía máxima dentro dos créditos dispoñibles destinada ao premio convocado para a o exercicio 2021 será de 8.500,00 €.

4.-PRAZO E FORMA DE PRESENTACIÓN DE CANDIDATURAS.

O prazo de presentación de solicitudes determinarase no anuncio de publicación da convocatoria deste programa no BOP da Coruña a través da Base de Datos Nacional de Subvencións.

As solicitudes presentaranse de xeito telemático na sede electrónica da Deputación da Coruña, a través da plataforma de tramitación electrónica da Deputación (SUBTEL): <https://www.dacoruna.gal/dicoruna-subtel/>

Dado que a tramitación será telemática quen presente a candidatura deberá:

- Dispoñer dun único enderezo electrónico de contacto durante a tramitación do expediente, ao que se dirixirán as comunicacións. Excepcionalmente, e de xeito xustificado, poderá modificar este enderezo inicial, sempre e cando se lle notifique a circunstancia pertinente á Deputación.
- Dispoñer de certificado dixital.

A tramitación telemática, a través da plataforma SUBTEL, aplicarase a todas as fases do procedemento, incluíndo en cada unha delas as notificacións e as comunicacións, os requirimentos de información e documentación, así como os envíos de documentación que foran necesarios para tramitar os expedientes

A presentación telemática producirá plenos efectos xurídicos, sempre que a solicitude sexa presentada dentro do prazo establecido e na plataforma citada. Non se terán por presentadas as solicitudes que se acheguen noutros rexistros.

A solicitude e toda a documentación virá asinada pola persoa que presenta a candidatura.

No caso de que a unidade xestora detecte calquera deficiencia na documentación achegada realizará requirimento ao centro educativo participante, para que a emende a través da plataforma SUBTEL, dispoñendo dun prazo de 10 días naturais para aceptar a notificación e 10 días hábiles desde esta aceptación para a corrección das deficiencias requiridas. No caso de que a persoa que presente a candidatura non emende neste prazo, teráselle por desistida da súa solicitude.

Serán rexeitadas automaticamente as solicitudes que conteñan documentos electrónicos que incorporen código malicioso ou dispositivo susceptible de afectar a integridade ou seguridade do sistema, omitan documentos esixidos, non cubran nos cuestionarios telemáticos os campos requiridos como obrigatorios ou cando conteñan incongruencias ou omisións que impidan o seu tratamento.

Unicamente admitirase unha candidatura por centro educativo.

5.-DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR.

Os centros educativos interesados deberán presentar, dentro do prazo establecido, a documentación seguinte:

a) Traballo de investigación realizado. Presentarase en formato A4, espazo interlineal sinxelo, na letra "Arial" 12, cunha extensión máxima de 25 páxinas e en soporte informático. No caso de que se excedan as 25 páxinas, as adicionais non se terán en conta para a valoración. As fotografías e gráficos que poden engadirse, de ser o caso, terán un formato JPG, 150 ppp.

b) Aceptación dos compromisos da convocatoria (Anexo I), segundo o modelo dispoñible na plataforma telemática de SUBTEL.

c) Resumo do proxecto de investigación (Anexo II), segundo o modelo dispoñible na plataforma telemática de SUBTEL.

d) Breve currículum académico do alumnado implicado na investigación e do profesor/a responsable do proxecto.

e) Declaración de consentimento expreso para o tratamento dos datos persoais que constan na solicitude para a participación nos Premios de investigación escolar "Lazos coruñeses con América Latina".

f) Fotocopia do CIF do centro participante.

g) Impreso de comunicación de datos bancarios para o rexistro de terceiros para os efectos de domiciliación dos importes que procede ordenar a Deputación provincia. (No caso de que o impreso de comunicación de datos bancarios obrase xa en poder da Deputación da Coruña e, sempre e cando non sufrira ningunha variación, non será necesaria a súa presentación).

6.-COMPOSICIÓN DO XURADO.

O xurado estará presidido pola persoa que ocupe a Presidencia da Deputación ou persoa en quen delegue e formarán parte del 3 persoas de recoñecido prestixio no coñecemento da emigración galega e da galegitude no exterior, nomeadas por ela.

As funcións de secretaría exerceraas o secretario da Corporación, ou a funcionaria ou funcionario en quen delegue.

Para o nomeamento do xurado respectarase a presenza equilibrada de mulleres e homes, en cumprimento do disposto no Capítulo I, artigo 5.2d) do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

As persoas que integren o xurado estarán sometidas ao deber de abstención nos casos sinalados no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de rexime xurídico do sector público.

A composición do xurado e a designación dos seus membros será aprobada por Resolución da Presidencia e darase a coñecer, con anterioridade á súa reunión, na páxina web da Deputación (www.dacoruna.gal), co fin de que se poidan interpor, se é o caso, os recursos legais pertinentes.

O procedemento de concesión dos premios tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, de acordo co previsto nos artigos 22.1 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e 19.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, mediante a comparación por parte do xurado das candidaturas presentadas co fin de establecer unha prelación entre as mesmas, de acordo cos criterios de valoración fixados nestas bases reguladoras, e adxudicar, co límite fixado na convocatoria dentro do crédito dispoñible, aquelas que obtiveran maior valoración na aplicación dos citados criterios.

O xurado reunirse, de xeito presencial ou telemático, co obxecto de deliberar e poñer en común as puntuacións outorgadas a cada unha das candidaturas presentadas. A media aritmética das puntuacións establecidas por cada membro do xurado constituirá a puntuación final da candidatura.

Cando os traballos premiados sexan proxectos, a concesión definitiva do premio quedará condicionada a entrega das obras completas e á decisión do xurado, quen verificará que as obras responden á descrición dos proxectos iniciais.

7.-ACTUACIÓNS DO XURADO.

O xurado actuará en pleno, en sesión a ser posible única, e será necesaria a asistencia da maioría simple dos seus membros. Para os efectos da validez da súa constitución aplicarase o disposto no art. 17 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

O xurado poderá solicitar aos centros educativos participantes, as aclaracións que considere necesarias para a avaliación das candidaturas.

As deliberacións serán secretas e delas redactarase a acta correspondente.

O xurado presentará a súa proposta á presidencia da Deputación, que é o órgano competente para conceder os premios. O fallo do xurado será inapelable.

8.-VALORACIÓN DAS CANDIDATURAS.

Os criterios de valoración que o xurado terá en conta para outorgar os premios basearanse principalmente na posta en valor da emigración da provincia da Coruña nos países de América Latina, e como esta contribuíu ao establecemento da sociedade galega no exterior e o impacto que tivo nas zonas de orixe.

9.-ACEPTACIÓN DAS BASES.

A participación nesta convocatoria supón a total aceptación destas bases.

10. PRAZO DE RESOLUCIÓN E NOTIFICACIÓN.

O prazo de resolución e notificación aos centros educativos participantes, será o máximo previsto no artigo 25.4 da Lei Xeral de Subvencións, que establece que non poderá exceder de seis meses, salvo que unha norma con rango de lei estableza un prazo maior ou así veña previsto na normativa da Unión Europea. Este prazo computarase a partir da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

As candidaturas gañadoras daranse a coñecer nun acto de entrega de premios organizado pola entidade provincial no que se convidará a todos os centros educativos participantes, e onde se fará entrega de todas as distincións aos equipos premiados.

A concesión do premio realizarase mediante Resolución da Presidencia a proposta motivada do xurado. A Resolución de concesión será publicada no Boletín Oficial da Provincia, co que se entenderá notificada aos interesados, de acordo co establecido no art. 45 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas. O premio considerárase aceptado tras a aceptación da notificación da resolución de concesión

11. CAUSAS EXCEPCIONAIS.

11.1. Desistencia ou renuncia.

Unha vez presentada a solicitude e antes da concesión, os centros educativos participates, poderán desistir da súa candidatura. A desistencia se realizará por escrito mediante a presentación da mesma a través da plataforma SUBTeL.

Se por motivos excepcionais, a candidatura gañadora renunciase ao premio no evento de entrega de galardóns, a candidatura que obtivera a seguinte puntuación máis elevada pasará a ocupar o seu lugar e así sucesivamente, no caso de acontecerse múltiples renuncias sucesivas.

En todo caso, a renuncia deberá ser presentada de forma expresa por escrito, a través de medios telemáticos, achegando un escrito de renuncia, debidamente cumprimentado.

11.2. Reintegro.

As entidades gañadoras poderán renunciar ao premio e realizar a autoliquidación como medio dispoñible para devolver voluntariamente o importe do premio percibido. Así mesmo procederá o reintegro no suposto de devolución da contía indebidamente percibida ou aquela que se estivese obrigado a reintegrar. Este suposto de devolución voluntaria do premio resultará de aplicación en calquera momento

12. INCUMPRIMENTOS E SANCIÓNIS.

O incumprimento do prazos na presentación das candidaturas ou da corrección da documentación correspondente se procede, suporá a consideración da candidatura como non presentada.

Non axustarse aos termos desta convocatoria, así como a ocultación de datos, a súa alteración ou calquera outra manipulación da información será causa de desestimación da candidatura, sen prexuízo do disposto nos artigos 54 a 56 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Nos supostos constitutivos de infraccións e as súas correspondentes sancións, aplicarase o disposto no “Capítulo IV: potestade sancionadora e procedemento sancionador” da Ordenanza Xeral de subvencións e transferencias da Deputación Provincial da Coruña, publicada no BOP número 72 do 15 de abril de 2019

13.-PROTECCIÓN DE DATOS.

Os datos subministrados teñen a finalidade de poder tramitar esta convocatoria e están protexidos pola Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais O responsable do tratamento dos datos é a Deputación Provincial da Coruña, e o encargado será a empresa contratada pola Deputación Provincial para coordinar o premio, no caso de se contratar.

A lexitimación para o tratamento dos datos persoais contidos nesta solicitude é o consentimento que o asinante outorga á Deputación Provincial coa súa firma. No caso de que sexa denegado o consentimento para o tratamento dos datos persoais, non poderá presentarse ao premio por imposibilidade de tramitación da solicitude.

O destinatario dos datos é a Deputación Provincial que non cederá datos a terceiros, salvo obriga legal. Os datos facilitados conservaranse ata a finalización da tramitación da convocatoria. As persoas que participen na convocatoria teñen os dereitos a acceder, rectificar ou suprimir datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento e solicitar a portabilidade dos mesmos en calquera momento. Estes dereitos poderán exercerse perante as oficinas centrais da Deputación sitas na Avda. Porto da Coruña, 2, 15003 A Coruña ou ben a través de medios electrónicos dirixindo un correo ao enderezo delegadodeprotecciondedatos@dacoruna.gal.

Pode consultar a política de privacidade da Deputación no enderezo www.dacoruna.gal/avisos/politicaprivacidade.

**PREMIO DE TRABALLOS DE INVESTIGACIÓN ESCOLAR
“LAZOS CORUÑESES CON AMÉRICA LATINA”
FOLLA DE ACEPTACIÓN DOS COMPROMISOS DA CONVOCATORIA (ANEXO I)**

DATOS DO CENTRO EDUCATIVO PARTICIPANTE

Nome do centro		NIF
Enderezo		Enderezo electrónico do centro
Localidade/Concello	Código postal	Teléfono
Nome do/a director/a do centro	Enderezo electrónico e teléfono de contacto	
Persoa responsable do proxecto	Enderezo electrónico e teléfono de contacto	
Título do proxecto de investigación:		
Alumnado compoñente do equipo de investigación:		
1:		
2:		
3:		
4:		
5:		
Outros datos de interese:		

A participación nesta convocatoria supón a total aceptación das bases.

Lugar e data _____

(sinatura da/o docente responsable do proxecto) (sinatura da Dirección do centro)

**PREMIO DE TRABALLOS DE INVESTIGACIÓN ESCOLAR
“LAZOS CORUÑESES CON AMÉRICA LATINA”
FOLLA RESUMEN DO PROXECTO DE INVESTIGACIÓN (ANEXO II)**

1. Título do proxecto

--

2. Datos do centro educativo

Nome do centro:			
Titularidade:		NIF:	
Enderezo :		Teléfono:	
Director/a do centro (nome e apelidos):		Teléfono:	
Enderezo electrónico da dirección do centro:			
Persoa responsable do proxecto:			
Enderezo electrónico:			

3. Descrición do proxecto de investigación.

- Descrición abreviada do proxecto educativo (máximo 30 liñas):
- Metodoloxía empregada (máximo 20 liñas):
- Conclusións (máximo 20 liñas):
- Outros datos de interés (máximo 20 liñas):

2.º.-Modificar o Plan estratéxico de subvencións da Deputación da Coruña para incluír o “I Premio de traballos de investigación escolar LAZOS CORUÑESES CON AMÉRICA LATINA, ano 2021”:

FICHA DE PREMIO/CONCURSO

Liña de subvención	Premio de traballos de investigación escolar “LAZOS CORUÑESES CON AMÉRICA LATINA”
Código identificativo	PREM-LACAL
Área	Transición Ecolóxica, Emprego e Territorio Sostible
Servizo / Sección	Servizo de Desenvolvemento Territorial e Medio Ambiente Sección de D.Territorial, Cooperación e Medio Ambiente
Competencia desenvolvida	Servizos complementarios de educación
Prazo de execución	2021/2022
Custo previsible	Total: 8.500,00 €. A dotación dos premios será a seguinte: 1º clasificado: 3.000,00 € 2º clasificado: 2.000,00 € 3º clasificado: 1.500,00 € Accésit 1: 1.000,00 € Accésit 2: 1.000,00 €
Aplicación orzamentaria	0520/23132/481
Finalidade (segundo a clasificación funcional do gasto)	Promoción educativa
Fontes de financiamento	Propias
Normativa de xestión	Bases específicas
Mecanismo de concesión	Xurado
Publicación	BOP / BDNS
Sector obxectivo	Educativo
Obxectivo xeral	Sensibilizar sobre a solidariedade interxeneracional e a migración galega a América Latina
Obxectivo específico	O Premio de traballos de investigación escolar “Lazos coruñeses con América Latina” ten por obxectivo fomentar o coñecemento da historia da migración galega e a creación das comunidades galegas nos países de América Latina, dada a especial relevancia que este feito migratorio tivo e ten na provincia de A Coruña. Tamén ten como finalidade o fomento, a través da implicación da mocidade, da recuperación dos lazos de unión, afectividade, coñecemento e colaboración coas comunidades galegas nos países de América Latina
Destinatarios	Centros educativos da provincia
Indicadores de seguimento	Nº de candidaturas recibidas

3.º.-Publicar as presentes bases reguladoras no Boletín Oficial da Provincia.

4.º.-Contabilizar o importe dos gastos derivados da convocatoria de acordo co seguinte detalle:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	FASE	N.º OPERACIÓN	DATA	IMPORTE	CONCEPTO
0520/23132/481	RC (multiplicación)	220210047793	28/10/2021	8.500,00 €	PREMIOS
0520/92052/226.99				3.000,00 €	XURADO
TOTAL	11.500,00 €				

E para que conste e sen prexuízo dos termos da aprobación da acta, segundo o disposto no artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, expido a presente de orde e co visto e prace do presidente da Deputación da Coruña.

A Coruña, 5 de novembro de 2021.

A secretaria xeral: Amparo Taboada Gil (asinado dixitalmente)

O presidente: Valentín González Formoso (asinado dixitalmente)

2021/7943